

APÉNDICE 3

Miñas donas e meus señores:

Onte, ollando para o vieiro leitoso do ceo, camiñando pola calzada real da tradición galega, cheguei a Santiago.

Non podo dar forma aos sentimentos cheos de agradecemento pola ledicia de poder intervir neste acto e escoitar na nosa lingua, clara, vestida de renovos da primavera, o voso saúdo afectuoso, cheo tamén de quentor cordial.

Neste concerto de sonoridades, ben quixera expoñer a voz dos novos poetas, dos derradeiros, daqueles que comezan a sentir nas súas fronteas a caloriña dun vagalume, dunha pequena estrela e comezan a tatear un cantar...

Os poetas, para quen a poesía é algo máis que unha harmonía mórbida, unha conxunción de refinamentos, verbas de cores murchas alumeadas por un sol de talco.

É indubidable que o galego probou a súa flexibilidade dúas veces, na Idade Media e na Idade Contemporánea. E indubidable tamén que, nos catro séculos que viviu alleo, arredado por mor de acontecementos que todos sabemos, o noso pobo soubo manter e conservar vivas, rexas, incorruptas, as súas formas sintácticas. Ninguén poderá dubidar xa da calidade literaria dunha lingua na que hoxe podemos alamar as *Églogas*, as *Xeórxicas*; o *Cármene*, de Horacio. Ponse en galego a Biblia do mesmo xeito que se fixo con *Da esencia da verdade*, de Heidegger. Temos, xuntamente con cancio-

neiros galaico-portugueses, un perfecto *Cancioeiro da poesía céltica*.

Estamos no medio do século vinte. ¿Quen son os poetas que comezan a brillar na constelación lírica da nosa Terra? ¿De onde veñen? ¿Que é o que pretenden?

¿Quen poden ou deben chamarse novos? Alguén dixo que os homes eran vellos ou novos cando xuntamente coa imposibilidade das pernas comenzaban a renquer o cerebro: no senso do pensamento, hai vellos con renovos mozos e xuventude coa indumentaria da vellez.

O século vinte das nosas letras, quizais veña coa morte de Pondal, poeta cósmico da nosa Terra. Quizais o punto de partida haxa que tomalo no manifesto de estética revolucionaria de Manuel Antonio.

García Lorca pasou como un meteoro, deixándonos seis poemas. Unha longa cadea segue formando gonzos no noso lirismo, cadea de cuxos grillóns ben quixésemos formar parte na compañía de moitedume que, dando tempo ao tempo, producirán escintileos no seu brillamento.

¿A onde se encamiñan os poetas de hoxe? A sensibilidade dos máis novos, no auténtico senso, é unha simplicidade na métrica, na forma estrófica, nas confidencias sentimentais. Renovouse o lindeiro da lírica. O sulco do verso deixa no chan unha nudez roxiza. Por vegadas, brancura de pomba coas ás abertas. E voando, a metáfora, entre unha vertebración vaga como man pasada por cabelos.

Aparecen poetas, poesías e coleccións de revistas: *Mensaxes de poesía*, *Xistral*, *Aturuxo*, *Galaxia*... Na cidade departamental chega un ar das montañas alén de León, cousa que encaixa moi ben co espírito da cidade onde parece que se fixo un voto de hostilidade ao galego, aínda que el vai escrito no sangue das paisaxes. Morto Bello Piñeiro, ausente Carballo Calero, meu querido mestre, poucos se lembran del. Destaco a Leyra Domínguez, pintor, xurista e prosista rexo con quen gus-

to de pensar en galego, afondarnos en espirais de cousas que soan tan nosas e que están emporiso tan lonxe.

No movemento literario de hoxe, non podía faltar a muller. A súa actividade está unida ao porvir histórico da terra: "Na Galicia de xentes caladas é moito máis o que queda por dicir, o que se vai para sempre mesturarse co po dos ósos. De vez en vez, como por un milagre de excepción, algo se salva. Son mostras que como pérolas repousan nas palmas das mans porque xa non caben na caixa do peito..."

Luz Pozo vive nunha atmosfera oreada, plástica; o seu Paxaro na Boca voa polos ramallos do ceibe endecasílabo. Pura Vázquez afía ás de sombra para pasar imprecisa polos neboeiros da paisaxe.

Lexións de nomes, de novos temperamentos, xogan en rolda coa poesía farta de soños e máis soños.

Pero uns e outros, todos xuntos, os do vello e os deste novo mundo de hoxe, no verso, no asfalto, na badía, aquí ou lonxe, os galegos manteremos viva a esperanza celta que, como dixo Castelao, "representa o que nós fomos, o que nós somos, o que nós seremos. Sempre, sempre, sempre".

Introdución de Xohana Torres ao seu recital de poesía nova no Círculo Mercantil de Santiago, o día 29 de marzo de 1957